

**PROGRAMA ELECTORAL  
ELECCIÓN AO  
CONCELLO DE OURENSE**

**Partido  
POR UN MUNDO MÁIS XUSTO  
(PUM+J)**



**POR UN MODELO DE CIDADE  
MÁIS XUSTO  
Camiñando cara á utopía**

# ÍNDICE

## INTRODUCCIÓN

### 1. SOCIEDADE INCLUÍNTE

#### 1.1. CONTRA A INVISIBILIDADE DA POBREZA

#### 1.2. CARA A UNHA SOCIEDADE INTERCULTURAL

#### 1.3. SERVIZOS SOCIAIS

### 2. DEREITOS SOCIAIS.

#### 2.1. EMPREGO

#### 2.2. VIVENDA

#### 2.3. EDUCACIÓN

#### 2.4. SANIDADE

### 3. TECIDO SOCIAL

#### 3.1. DEMOCRACIA PARTICIPATIVA

#### 3.2. COMUNICANDO CON TRANSPARENCIA

#### 3.3. ECONOMÍA SOCIAL

### 4. ESPAZO URBANO INTEGRADOR, PÚBLICO E SUSTENTABLE

#### 4.1. CONTRA A EXTRAPOLACIÓN TERRITORIAL DA DESIGUALDADE.

#### 4.2. RECUPERAR O ESPAZO PÚBLICO.

#### 4.3. SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL.

### 5. CIDADE ABERTA AO MUNDO.

#### 5.2. CONSUMO RESPONSABLE

#### 5.1. COOPERACIÓN DESCENTRALIZADA

**6. ATENCIÓN A COLECTIVOS CON ESPECIALS DIFICULTADES**

**6.1. PROTECCIÓN DOS MAIORES (XUBILADOS E PENSIONISTAS)**

**6.2. ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE**

**6.3. INMIGRACIÓN**

**7. POR UN OURENSE MÁIS XUSTO: CONCELLERÍA DE COOPERACIÓN E EXCLUSIÓN SOCIAL.**





## 1. INTRODUCCIÓN

Desde o **Partido Político Por Un Mundo Más Xusto (PUM+J)**, partimos da base de que todos os seres humanos son iguais en dignidade e, por tanto, deben ter acceso a unha serie de dereitos fundamentais. Antepomos as persoas aos beneficios económicos, situando a economía ao servizo do desenvolvemento humano e priorizando a consecución dos dereitos humanos como estratexia social, xa que só así se poderán sentar as bases dunha sociedade cohesionada. Este posicionamento, que pode parecer utópico, debese ser o punto de arranque de calquera proposta política no noso país; pois en realidade, por revolucionario que pareza, trátase dunha exixencia recollida na Constitución Española. Así, a nosa norma fundamental, no seu artigo 10, recolle tanto que o respecto á dignidade da persoa é o fundamento da orde política e da paz social como que a propia redacción da Constitución está en conformidade coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos .

En consonancia co principio de partida expresado no parágrafo anterior, o **PUM+J** ten por misión conseguir as transformacións estruturais necesarias para que todos os habitantes do mundo exerzan o seu dereito a vivir con dignidade . Dito doutro xeito, pretendemos un cambio no actual equilibrio de poder, que permita o desenvolvemento das persoas desde o pleno respecto do dereito nacional e internacional . Agora ben, este obxectivo xenérico para calquera nivel de intervención debe concretarse para o ámbito municipal. Se, desde un enfoque global, tratamos de situarnos no lugar dos máis desfavorecidos da Terra; desde un enfoque local, serán os excluídos das nosas propias cidades os principais benefactores das propostas políticas do **PUM+J**. Sen perder de vista, obviamente, as relacións que os municipios españois, e as persoas que os habitan, manteñen co exterior; e tendo moi presente a posibilidade que desde os concellos tense de achegar un graniño de area na construción dun mundo máis xusto.

Deseñar políticas municipais, que poñan no centro os intereses dos máis desfavorecidos, leva coñecer en profundidade a marxe de acción coa que se conta. Non é habitual que os textos constitucionais descendan a regular con detalle o nivel local de goberno; e, certamente, a nosa Constitución non pode considerarse unha excepción a este respecto. A Constitución Española (CE) si que garante a autonomía municipal e provincial; establece algunhas regras básicas acerca dos órganos encargados do goberno e administración dos municipios e as provincias, deténdose en subliñar o carácter democrático daqueles (arts. 140 e 141.2); e mesmo menciona as fontes de financiamento precisas para desempeñar as funcións que a lei atribúa ás entidades locais (arts. 142 e 133.2), aínda que non indica cal poida ser o devandito ámbito competencial. É na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) onde se fixan as competencias municipais e na Lei Reguladora das

Facendas Locais (LRHL) onde se establece de maneira pormenorizada os recursos dos que dispoñen os concellos. Á hora de elaborar as nosas propostas de actuación tivemos moi presentes a CE, a LRBRL e a LRHL.

Coñecida a nosa formulación de partida, o obxectivo específico de cara a unhas eleccións municipais e ao marco legal onde se establecen as competencias dos concellos; só nos queda, nesta introdución, establecer o guión a desenvolver e a lóxica interna que terá o presente programa electoral.

Quen formamos parte do **Partido Político Por Un Mundo Máis Xusto** non nos sentimos culpables pero si nos consideramos persoas responsables que deben afrontar as situacións de exclusión social que se viven nas nosas cidades. Somos conscientes de que todos os cidadáns debemos cooperar se queremos construír unha sociedade incluínte. Para poder convivir nos nosos municipios, que son cada vez máis plurais, temos a obriga de respectar ao outro; considerando as diferenzas como motivo de mutuo enriquecemento e non como fonte de conflitos. Quizais aínda máis grave que considerar ao diferente como unha ameaza é ignoralo; mirando para outro lado cando percibimos arredor realidades que nos incomodan ao cuestionar o noso nivel de confort. Vivir alleos a canto ocorra resulta irresponsable pois, sexamos conscientes ou non, neste mundo globalizado os nosos actos teñen cada vez maior repercusión. A loita contra a exclusión é un deber da sociedade no seu conxunto; e a través de calquera ámbito da política –non só desde a política social– débese contribuír á construción dunha sociedade inclusiva. Agora ben, nesta tarefa de integrar ás persoas excluídas, os servizos sociais teñen un papel relevante. Para que estes servizos poidan exercer eficazmente o seu labor, é preciso modificar dous aspectos claves sobre como se conciben tradicionalmente. Por unha banda, os servizos sociais actúan como meros dispensarios –con escasos recursos, e ademais, hoxe, paradoxalmente recortados pola crise– que ofertan medidas unicamente paliativas. Propomos que os servizos sociais saian á rúa e leven a cabo iniciativas de integración; converténdose en motores da inclusión e a promoción social. Doutra banda, consideramos que se debe modificar o actual enfoque caritativo dos servizos sociais por un enfoque baseado en dereitos. E son os nosos gobernantes, en xeral, quen teñen a obriga de garantir estes dereitos sociais aos seus cidadáns; e os nosos gobernos municipais, en particular, deberán facilitar estes dereitos dentro da marxe que lles asigna a lei. Acolléndonos a esta marxe, ofertamos unha serie de medidas encamiñadas a posibilitar os dereitos sociais de todos, con especial atención cara aos máis desfavorecidos. Á parte de non contar cunha serie de recursos económicos –entre outros motivos por non darse cumprimento aos dereitos ao emprego e a unha vivenda que recolle a Constitución Española– as persoas excluídas, ou en risco de exclusión, adoitan carecer dunha rede social adecuada e, ao non estaren integradas na sociedade, tampouco fan uso do seu dereito a participar na vida política. Reforzar o tecido social é fundamental para reducir o número de persoas marxinadas pola sociedade. Propomos, entre outras medidas, propiciar iniciativas de economía social, depositar as contas da facenda local nunha banca ética e establecer cláusulas nos concursos públicos que favorezan a adxudicación a empresas sociais. Expomos tamén a necesidade de avanzar desde a democracia esencialmente representativa actual cara a unha democracia participativa; pondo especial atención en fomentar a participación naqueles barrios marxinados das nosas cidades. Así, entre todas as persoas

residentes –sen exclusión algunha– deberase construír un modelo de cidade que faga posible unha sociedade cohesionada. Unha cidade que non transcriba ao territorio as desigualdades existentes, e que tenda a minorar estas; que non privatice os seus espazos; e que estea dotada dunhas infraestruturas que fomenten un consumo responsable. Unha cidade aberta ao mundo que, a través do codesenvolvemento e a cooperación descentralizada, axude a mellorar as duras realidades que se viven máis aló das nosas fronteiras nacionais.





## **1. SOCIEDADE INCLUÍNTE.**

Os procesos de desenvolvemento global, tecnolóxico e económico depararon unhas sociedades máis avanzadas, con maiores niveis de benestar, pero tamén xeraron novos fenómenos que acaban configurándose como procesos de exclusión social.

Este concepto de exclusión social parece substituír nos últimos tempos ao clásico fenómeno da pobreza. Mentres que a pobreza fai referencia unicamente á carencia de recursos materiais suficientes para atender as necesidades básicas dunha poboación determinada, a exclusión social ten un aspecto \*multidimensional.

Este proceso multidimensional engloba un cúmulo de circunstancias desfavorables, a miúdo fortemente relacionadas, e que separan, tanto a individuos como a colectivos, dunha serie de dereitos sociais tales como o traballo, a educación, a saúde, a cultura, a economía e a política, aos que outros colectivos si teñen acceso e posibilidade de gozar e que terminan por anular o concepto de cidadanía.

Fronte a esta realidade de exclusión e para poder exercer estes dereitos da cidadanía, desde o partido **PUM+J** cremos que son necesarias políticas transversais dos sistemas públicos. Ademais os Servizos Sociais deben participar nestas políticas con prestacións e servizos que favorezan a convivencia persoal, familiar e social.

Para a construción dunha sociedade incluínte, consideramos que é necesario o compromiso de toda a sociedade para promover condicións positivas de convivencia e para loitar contra as causas da exclusión, facendo da súa solución unha causa común.

### **1.1. CONTRA A INVISIBILIDADE DA POBREZA**

Erradicar a pobreza non é unha cuestión de conciencia, é unha cuestión de xustiza. A pobreza é sen dúbida o problema global máis grave co que se enfrenta o ser humano actualmente. Trátase dun problema difícil pero que se pode resolver.

Desde o marco do dereito, o **PUM+J**, quere canalizar esa sensibilidade cidadá para reclamar con firmeza un cambio na política, a través dun programa cun fin específico: construír un mundo sen pobreza.

Cidadáns independentes de distintas ideoloxías e crenzas, compartimos un mesmo sentimento de responsabilidade cara aos cidadáns máis desfavorecidos e un mesmo convencemento de que a política é o marco idóneo desde onde traballar para resolver o problema estrutural da pobreza e a desigualdade social.

Segundo o último informe anual 2009 de Cáritas Ourense, un total de 70.581 ourensáns, é dicir, un de cada cinco, viven en situación de pobreza e o perfil maioritario é o dunha familia con tres membros, dous adultos e un neno menor de 14 anos que se atopan no limiar da pobreza relativa e realizan traballos en precario desenvolvidos na maioría dos casos pola muller, mentres que o home se atopa en desemprego ou cobra axuda social. Os seus ingresos medios son de 468 euros, viven en casas de aluguer cunha superficie media de 40 metros cadrados e a situación roza o amoreamento segundo van aumentando os membros do núcleo familiar; ademais, moitos destes veciños son inmigrantes.

Esta provincia ten os peores datos económicos e de ingresos medios de Galicia. O nivel formativo da poboación que padece unha situación de pobreza e exclusión é outro aspecto en contra, que non contribúe a variar o rumbo destas familias, pois soamente teñen un nivel medio de estudos primarios, con algún curso de formación para o emprego. A dedicación laboral das persoas que se atopan nunha situación de pobreza relativa está relacionada con traballos en precario, desenvolvidos maioritariamente pola muller mentres que o home non traballa.

A tenencia da vivenda é en réxime de aluguer, o cal condiciona aínda máis a grave situación económica da familia, pois supón detraer cada mes unha media de 325 euros mensuais para o pago do arrendamento.

Este informe de Cáritas sitúa en 1800 os fogares da provincia que non perciben ingreso algún, mentres que dos 25.024 desempregados que hai na provincia só 15.500 perciben algunha prestación.

En canto ao índice de envellecemento poboacional da provincia de Ourense, este é dós máis elevados de España no que se refire á poboación maior de 64 anos. A poboación menor de 20 anos son grandes prexudicados pola situación económica actual cunha constatada falta de oportunidades, mentres que para o sector poboacional máis envellecido unha problemática engadida é a soidade

Se tentamos dar resposta á pregunta de que entendemos por pobreza, atopámonos con varios conceptos:

### [A pobreza relativa](#)

Presentamos a pobreza relativa como principal pobreza á que un país desenvolvido debe facer fronte. Desde esta perspectiva considérase que unha persoa é pobre cando se atopa nunha situación de clara desvantaxe económica respecto ao resto de persoas da súa contorna. Esta concepción da pobreza, ligada á noción de desigualdade, móstranos que no ano 2010 segundo o Instituto Nacional de Estatística unha de cada cinco persoas vivía por baixo do limiar de pobreza relativa (20,8%).

### Exclusión social. Todo o que non queremos ver

A pobreza relativa dáse en situacións críticas derivadas do que se podería chamar “pobreza clásica” formada principalmente por anciáns, menores e discapacitados. A realidade é que cada vez existe maior número do denominado “nova pobreza” formada por mulleres maltratadas, fogares monoparentais, inmigrantes, toxicómanos, etc. Esta pobreza é a denominada exclusión social, caracterizada por que as persoas que a sofren son botadas fóra do sistema social, proceso que na súa forma máis aguda concrétase na problemática do “\*senfogarismo”.

A prostitución, protección de menores, drogadicción, alcoholismo, entre outros, son fenómenos sobre os que debemos actuar a fin de previr os procesos de exclusión social.

### Senfogarismo crónico. A pobreza máis extrema

Trinta mil persoas dormen na rúa cada día en España . Ademais da ausencia dun teito ou dunha cama, a soidade, a desconexión social e afectiva e a marxinação, son algunhas das consecuencias máis duras derivadas desa situación. Existen servizos sociais como albergues, comedores ou servizos sanitarios, pero as cifras e os feitos reflicten unha insuficiencia na atención e recursos destinados ás Persoas sen Fogar, responsabilidade da Administración Pública.

O chamado “senfogarismo crónico” é a expresión máis extrema da pobreza e a exclusión. A actual crise económica está a evidenciar un empeoramento deste problema, visible sobre todo en centros de axuda de primeira necesidade, como son comedores sociais ou centros de acollida. Hoxe en día, a loita contra este fenómeno está guiada baixo un enfoque asistencial en lugar da procura da súa erradicación. Por iso consideramos que os problemas de exclusión extrema deben ser unha prioridade a resolver para o conxunto da cidadanía.

Desde o partido **PUM+J** apostamos por recoñecer o dereito das persoas que se atopan en situación de pobreza e exclusión social a vivir con dignidade e a desempeñar un papel activo na sociedade.

Non podemos aceptar nin aceptamos a pobreza como mal inevitable.

Hoxe en día é o resultado da precarización nas condicións de vida, que conduce á inseguridade e á vulnerabilidade de importantes segmentos de poboación nunha sociedade dual. Hoxe a pobreza e a exclusión social teñen novos trazos: trazos femininos –mulleres con cargas familiares non compartidas–, trazos relacionados co paro de longa duración e a escasa protección do desemprego e ao final unha protección social insuficiente que conduce á pobreza sen apoios da sociedade e das administracións, á pobreza severa e absoluta; trazos de persoas con enfermidade mental crónica aos que non se deu alternativas de promoción e protección cando se realizou a reforma psiquiátrica. Novos cidadáns incorpóranse ao colectivo: sectores da inmigración, segmentos da poboación maior con pensións mínimas, etc.

## **PROPOSTAS:**

Como resposta a estas situacións de exclusión, propomos unha serie de medidas que debe levar a cabo a Administración pública exercendo o deber que teñen conferido, e á súa vez reivindicamos a corresponsabilidade social dos cidadáns fronte á realidade social da súa contorna e á exigencia do cumprimento dos seus deberes á Administración pública. A nivel municipal, as nosas propostas son:

1. Políticas de inclusión social en materia de emprego, vivenda, sanidade, educación e redes sociais, diversificadas segundo grupos e colectivos.

2. As denominadas rendas mínimas de inserción, ingreso básico de inserción, etc. Deben ser máis xenerosas, menos restritivas e avanzar cara a un deseño con trazos de “renda básica cidadá” para aqueles cidadáns e cidadás que, polo seu perfil, requiran dese recurso para non descender a niveis de pobreza severa e absoluta, co consecuente risco de que unha situación temporal conduza á saída do entramado social e a procesos de exclusión social e económica.

3. Constituír un observatorio local da exclusión social (OLE), cuxa misión sexa a de elaborar e manter actualizado o “mapa local da exclusión”

4. Deseño e implantación do plan de loita contra a exclusión social. Os seus obxectivos serían os seguintes:

a) Á vista do “mapa local da exclusión” realizar unha planificación de loita contra a exclusión social cuxa duración inicial podería ser a da lexislatura.

Para a elaboración deste mapa contra a exclusión social deberían estar representadas, a concellaría de benestar social, emprego e asuntos sociais, e as distintas organizacións que traballen na localidade, e por suposto, as entidades que representen os intereses dos excluídos, por exemplo as asociacións xitanas, de desempregados, asociacións de veciños de barrios marxinais, etc.

b) Coordinar as distintas políticas sociais municipais con obxecto de evitar a duplicidade de esforzos e unha adecuada xestión dos recursos.

c) Desenvolver accións de información e concienciación cidadá, con especial atención ao ámbito escolar.

5. Creación dun plan ou programa de voluntariado social no que puidesen integrarse as distintas ONGs e asociacións de carácter social que traballan no municipio.

A planificación destas actividades pode ser un elemento primordial para tentar loitar contra a exclusión social.

• Sensibilizar sobre as diferentes formas de pobreza e exclusión social, e animar ás persoas a combatelas, a través de:

1. Utilización dos medios de comunicación como grandes difusores da información.

**2. Realización de campañas en colexios e nos barrios (Asociacións de Veciños) para informar os cidadáns da realidade que están a vivir moitos dos seus veciños, propiciando así a Participación Cidadá.**

- **Construír redes de cooperación para o fin da exclusión social. Establecer e reforzar a colaboración público-privada entre as organizacións que traballan na loita contra a pobreza e a exclusión social. Para iso consideramos indispensable a creación e fortalecemento de redes sociais con participación da administración pública que contribúan a este fin.**

**En canto ao problema do senfogarismo, o partido PUM+J apoia o documento-proposta «10 propostas para unha estratexia de erradicación do senfogarismo», elaborado entre os anos 2005 a 2010 por oito entidades que desenvolven traballo directo con persoas sen fogar. Dentro destas dez propostas consideramos que son de especial relevancia as seguintes:**

- **Elaborar políticas públicas baseadas nun enfoque preventivo para evitar carencias de vivenda digna:**

- 1. Canles de comunicación eficientes entre os Xulgados e os Servizos Sociais para reducir o senfogarismo xerado polos desafuzamentos e falta de pagamentos.**

- 2. Detección precoz de casos de vulnerabilidade especial, con provisión de aloxamentos para saída de hospitais ou centros penais, mozos tutelados até a súa independencia económica, etc.**

- 3. Acompañamento social para apoiar o mantemento da vivenda cando a unidade familiar o requira.**

- **Promover máis programas socioeducativos a fin de paliar as situacións de illamento, soidade e sufrimento propios da exclusión, que adoitan derivarse de rupturas relacionais e afectivas que a persoa padeceu.**

- **Introducir un enfoque de xénero na atención a persoas sen fogar**

**Dada a especial dinámica en que as mulleres están inmersas por condicionamentos derivados do seu sexo (por ex., a invisibilidade da súa situación ao non aparecer como usuarias de servizos, por recorrer frecuentemente a durmir en casas de amigos ou familiares), expomos as seguintes medidas:**

- 1. Dotación económica e profesional para a creación de grupos especializados en atención á problemática específica das mulleres sen fogar.**

- 2. Recursos especiais para os casos de violencia de xénero ou abuso sexual.**

- 3. Prazas residenciais adecuadas para mulleres e parellas.**

No que respecta á protección de menores, as nosas propostas a nivel municipal son:

- Dar máis apoio a proxectos de asociacións que traballen coa integración e educación de menores, concienciación e sensibilización.
- Realizar políticas sociais que permitan dotar aos estranxeiros “sen papeis” menores non acompañados da documentación e formación académica necesaria, para que, no caso de non poder evitar conseguir a repatriación aos seus países de orixe, teñan un porvir dentro dos límites que marca a sociedade española.
- Favorecer o acceso a vivenda a mozos tutelados nos dez anos posteriores á súa maioría de idade.

En canto á prostitución, as nosas propostas municipais son as seguintes:

- Crear programas de formación e cualificación profesional. Ofertando programas para a súa integración no mundo laboral.
- Facilitar o acceso aos servizos sanitarios, sociais e de vivenda.
- Abrir un debate que devolva a visibilidade a estas mulleres, escoitando a todos os axentes implicados nesta realidade .

## **1.2. CARA A UNHA SOCIEDADE INTERCULTURAL**

Vivimos nunha sociedade, desde os pobos máis pequenos ás capitais máis grandes, cada vez con maiores diferenzas étnico-culturais; é dicir, queiramos ou non, o noso mapa cultural, étnico, racial, relixioso, etc. viuse ampliado, de maneira cualitativa e cuantitativa, nun período de tempo non demasiado grande.

Esta realidade podemos afrontala de varias maneiras. Dunha forma negativa, vivíndoa como unha ameaza, estaríamos ante o enfoque multicultural que predomina hoxe e que é apoiado por certas medidas políticas e reformas legais (por exemplo a última reforma da Lei de Estranxeiría co seu regulamento de aplicación), así como por algúns medios de comunicación. Ou ben podemos tratar de crear unha sociedade intercultural, isto é, unha sociedade máis aberta, comunitaria, creadora de espazos de intercambio mutuo e en igualdade de condicións.

Desde o partido **PUM+J** queremos apostar pola Interculturalidade, porque a entendemos como a canle para a comunicación e o proxecto común, sendo esta:

- Actitude flexible, aberta e positiva, que parte do respecto á diversidade de culturas, pero supera as carencias do relativismo, xa que mantén que non todo o que compón unha cultura é válido.
- Respectuoso coa diversidade cultural, a partir do recoñecemento recíproco das culturas en contacto.

- Vontade de coñecemento crítico mutuo e a vontade dun proxecto común de convivencia. Para a creación deste proxecto común é fundamental o diálogo entre culturas.
- Proxecto común de convivencia que ten como meta a defensa dos dereitos fundamentais dos seres humanos.
- Recoñecemento da diferenza e da mestizaxe cultural, as cales só se poden activar desde a igualdade nas condicións de acceso aos escenarios que fan posible o devandito recoñecemento.

### **PROPOSTAS:**

Para poder camiñar cara a esta sociedade intercultural, desde o partido **PUM+J** propomos a nivel municipal:

- Incluir dentro do programa de formación continua dos técnicos municipais temática sobre inmigración e interculturalidade.
- Fomentar o dialogo interrelixioso na nosa cidade para permitir a convivencia e o respecto mutuo das crenzas e valores.
- Creación da figura do “Mediador Social Intercultural” nas administracións públicas con dependencia municipal (Concello, oficina de inmigración, centros cívicos, etc.)
- Creación de mesas de diálogo sociais nas que interveñan todos os colectivos sociais que traballan en calquera dimensión de interculturalidade e traballo con emigrantes.
- Aumentar o número de pisos ponte destinados á atención e acollida de familias estranxeiras en situación de vulnerabilidade social como forma de integración coa poboación.

### **1.3. SERVIZOS SOCIAIS**

O obxectivo dun programa social debería estar dirixido a conseguir chegar a detectar as necesidades reais da poboación, e poder intervir sobre aquelas situacións que están a xerar as desigualdades que impiden que as persoas nos desenvolvamos e vivamos no que tantas veces se describiu como estado de benestar, que só acadan, actualmente, uns poucos.

Actualmente, a maioría dos programas sociais están deseñados en base á prestación de servizos, feito que provoca que se interveña sobre as consecuencias e non sobre as causas que provocan os problemas sociais.

Desde o partido **PUM++J** defendemos os Servizos Sociais como un Sistema de Protección Social dirixido ao conxunto dos cidadáns, cuxa razón de ser é:

- **Facilitar o acceso ao resto dos Sistemas de Protección Social.**
- **Procurar as condicións adecuadas para as relacións de convivencia dos cidadáns e cidadás, tanto no ámbito familiar como social.**
- **Favorecer os procesos de inclusión persoal e social.**

**Consideramos que os Servizos Sociais deben sustentarse en dous elementos chave:**

- **Autonomía Persoal**
- **Integración relacional**

O primeiro elemento, a autonomía persoal, simplifica a idea de que os Servizos Sociais han de xerar unha cobertura tal que permita ás persoas que requiran da súa axuda poder liquidar a situación que deriva a necesidade, á vez que “aprender” ou “adquirir” as habilidades sociais necesarias para previr posibles futuros imprevistos. É dicir, a intervención non debe dirixirse exclusivamente a paliar a situación senón que tamén debe previr e ensinar. O segundo elemento, a integración relacional, salienta a necesidade de que a intervención permita a xeración, modificación e/ou mellora das redes sociais nas que a persoa vulnerable desenvolve a súa vida cotiá.

É necesario destacar ademais que, na maioría dos casos, as funcións que deberían realizar os Servizos Sociais son asumidas ou derivadas ao Terceiro Sector. Este sector aglutina unha multitude de entidades, organizacións, fundacións, etc., que abarcan todo o espectro existente entre “o social” e “o empresarial”. Por iso, desde o partido M+J consideramos que é necesaria unha maior colaboración por parte das administracións co devandito sector, para que o deseño dos programas de intervención dos Servizos Sociais teñan un corte máis transversal e non tan difuso como até a data.

### **PROPOSTAS:**

**Para que os Servizos Sociais cumpran adecuadamente a súa función, desde o partido PUM+J propomos a nivel municipal:**

- **Garantir unha presenza significativa dos colectivos máis desfavorecidos no Consello Municipal de Servizos Sociais .**
- **Deseñar os programas sociais en coordinación co tecido social do barrio en cuestión, vinculando aos propios programas que se xeren á poboación obxecto da intervención.**
- **Contar con persoas expertas no traballo directo para deseñar os programas sociais. En moitos casos os programas sociais non son elaborados por persoas expertas, deseñándose programas alleos á realidade social.**

- **Deseñar programas de atención integral que xeren autonomía e capacitación, e non dependencia.**
- **Mellorar a coordinación entre os servizos sociais e outras áreas como sanidade, educación, mocidade, inmigración, etc.**
- **Impulsar a inspección, o control e o seguimento dos servizos públicos, de xestión directa, indirecta e concertada, así como dos privados para garantir a súa calidade.**
- **Desenvolver unha moderna e eficaz rede de Servizos Sociais Especializados, para dar resposta ás situacións específicas de necesidade que non poidan ser atendidas no espazo habitual de convivencia.**





## **2. DEREITOS SOCIAIS.**

Todos os habitantes das nosas cidades, sen exclusión algunha, deben ter acceso a uns dereitos que os poderes públicos teñen a obriga de garantir. Desde os gobernos municipais, en particular, débense facilitar estes dereitos dentro da marxe que lles asigna a lei. Acoléndonos a esta marxe, ofertamos unha serie de medidas encamiñadas a posibilitar o acceso de todo cidadán ao seu dereito a obter un emprego e a gozar dos servizos básicos de sanidade, educación e vivenda. A tal fin, desenvolveranse programas que traballen cos colectivos máis excluídos.

### **2.1. EMPREGO.**

É necesario a implementación de políticas de emprego que afronten de maneira decidida a loita contra a exclusión social, esixindo un desenvolvemento sustentable e respectuoso coa sociedade e o medio natural.

Nun mundo de constantes e importantes cambios, todos os nosos esforzos e estratexias deben ir dirixidos a asegurar que as persoas dispoñan dos mecanismos e habilidades necesarios para acceder ás oportunidades do emprego. A formación, os plans de emprego, o investimento público... forman parte destas estratexias.

No desenvolvemento local sustentable non só é precisa a dotación de estratexias para a creación de emprego, senón que tamén son necesarias a adaptación de medidas para a implantación de espírito emprendedor, para favorecer o acceso ao emprego e a adaptación ao mercado cambiante, así como tamén a loita contra a discriminación e a exclusión social e o fomento da economía social.

### **PROPOSTAS:**

- Fomento e transferencia no empresario local de boas prácticas en materia de conciliación da vida persoal e laboral, concienciándoos de que a implantación destas non vai supor un menoscabo para a produtividade.
- Actuacións encamiñadas a fomentar a incorporación das mulleres no mercado laboral (coeducación, formación, campañas de eliminación de estereotipos...)
- Favorecer unha política de atención á dependencia: maiores facilidades para a obtención de prazas en gardarías infantís, fomento das escolas infantís nos centros de traballo, fomento da axuda domiciliar aos maiores...

- **Velar polo cumprimento das cotas de inserción de persoas con discapacidade tanto nas empresas locais como nas administracións públicas.**

- **Apoio á creación de centros especiais de emprego.**

- **Apoio á creación de empresas de inserción, aquelas que interveñen no mercado – do mesmo xeito que calquera outra empresa– co obxectivo fundamental de contribuír á integración social a través do emprego das persoas de risco de exclusión social.**

**Fomentar o acceso ao mercado laboral das persoas excluídas ou en risco de exclusión social, a través de itinerarios de inserción integrais.**

- **Asegurar que os sistemas de protección social permitan a todo individuo percibir suficientes ingresos para vivir de maneira digna.**

- **Utilizar un enfoque integral nos programas destinados a persoas en risco de exclusión social, é dicir, non só tratar o tema do emprego, senón tamén o da vivenda, educación, a saúde, etc.**

- **Fomentar o acceso á formación específica entre a poboación inmigrante.**

- **Informar á poboación inmigrante sobre as canles existentes de procura de emprego, a través de itinerarios de formación e emprego personalizados.**

**Elaborar programas específicos para inmigrantes, incluíndo aspectos como o coñecemento do idioma e incidindo na integración social.**

- **Priorización dos grupos de persoas con maiores dificultades no acceso ao emprego (persoas con discapacidade, novas, maiores de 45 anos, persoas en situación de paro de longa duración, inmigrantes...) en todas as políticas activas de emprego, incluíndo axudas a contratación.**

- **Posta en marcha de políticas integrais (plans de emprego) a nivel local, incluíndo todos os servizos necesarios para a inserción das persoas desempregadas, desde a formación até a mediación para a inserción laboral, pasando pola orientación profesional, en políticas concertadas coas comunidades autónomas e con recursos suficientes.**

- **Fomentar o pequeno comercio local como forma de manter a cohesión social especialmente nos centros das cidades e os barrios. Defender este modelo fronte ao das grandes superficies comerciais.**

- **Reserva dun 4% dos postos de traballo das empresas municipais e da oferta pública de emprego municipal para persoas en risco ou situación de exclusión social.**

- **Información e orientación sobre o mercado laboral (presencial e/ou virtual) nos institutos de ensino secundario de zonas desfavorecidas dirixidos ao alumnado que está a finalizar ciclos formativos.**
- **Dotación de espazos físicos dotados de locais e/ou naves para albergar empresas cuxas persoas titulares se atopan en situación de risco ou exclusión social mediante a Rede de viveiros de empresas.**
- **Desenvolveranse programas de emprego integrais que contemplan non só a formación senón a creación de postos de traballo mediante a formación de empresas cooperativas.**
- **Creación dun rexistro municipal de empresas de inserción e establecemento dun mercado tutelado para:**
  - **Compensar os custos relativos (medidas de acompañamento, déficit de produtividade inicial, etc)**
  - **Reserva dunha porcentaxe das obras e servizos que se liciten desde o concello**
  - **Establecemento de cláusulas sociais nos pregos de condicións de contratación das empresas**
- **Elaborar un programa de inserción laboral que a través da cesión do uso tanto de terreos do concello, próximos á cidade, como de locais urbanos pertencentes á facenda local, mediante o asesoramento de técnicos municipais, e a través dun réxime de cooperativa agrícola, permita saír adiante a persoas excluídas ou en risco de exclusión social. Teríanse que establecer uns parámetros obxectivos (desemprego, escaseza de recursos, non contar cunha rede social adecuada, número de fillos...) que servisen para determinar unha orde de preferencia que favorecese a incorporación ao programa daquelas persoas máis necesitadas. Unha vez cultivados nos terreos do concello, os produtos agrícolas venderíanse nos locais públicos cedidos para tal fin.**
- **Inclusión de cláusulas sociais de inserción laboral nos pregos de contratación pública**

**Dada a actual situación de crise que se vive en España, que ocasionou a caída no desemprego de todos os membros activos dun gran número de familias, propomos dúas medidas concretas de actuación para incentivar a emprendedores e fomentar o emprego :**

- **Establecerase en ordenanza fiscal unha bonificación do 50% –máximo permitido por lei– da cota do imposto de actividades económicas para quen inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen por cota municipal, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento daquela. A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercese anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade se exerceu anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, participación ou escisión de ramas de actividade.**

- Establecerase en ordenanza fiscal unha bonificación da cota do imposto de actividades económicas por creación de emprego para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que incrementasen a media do seu persoal de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel. Estableceranse diferentes porcentaxes de bonificación, sen exceder o límite máximo fixado por lei –do 50 %– en función de cal sexa o incremento medio do persoal de traballadores con contrato indefinido.

## **2.2. VIVENDA .**

Debemos dar cumprimento ao artigo 47 da Constitución Española (CE) –que por desgraza leva moitos anos sen cumprirse– onde a vivenda se constitúe nun dereito para todos os españois. Dando cumprimento a este artigo da CE, desde os concellos pódense establecer medidas para facer posible este dereito e para que sexa a comunidade quen participe da plusvalía que xere a acción urbanística. Respecto da especulación, sen dúbida, esta minorarase coa propia intervención dos concellos para regular o mercado da vivenda, como veremos a continuación. No entanto, para atallar a especulación é preciso establecer medidas legislativas que son competencia do Goberno español .

### **PROPOSTAS:**

Para posibilitar, desde os municipios, o acceso á vivenda –a prezos axustados– propóñense dúas liñas estratéxicas de acción que terán un carácter secuencial xa que esgotada a primeira liña de actuación porase en funcionamento a segunda:

1ª. Mobilizar vivendas desocupadas na cidade. Estableceríanse tres propostas complementarias:

- Xerar un convenio de colaboración entre a administración pública, concello e comunidade autónoma, con entidades financeiras propietarias de vivendas en stock para a conversión destas vivendas en VPO en réxime de venda ou aluguer.
- Diseñar un programa para mobilizar en réxime de aluguer público vivendas desocupadas. Para levar a cabo tal actuación, habería que confeccionar un mapa – que debese actualizarse con regularidade– coa localización dos inmobles de uso residencial desocupados e establecer uns prezos de mercado de aluguer público que fosen obxectivos e que contemplasen varios aspectos como a situación ou o estado de conservación da vivenda. Estes prezos de aluguer poderían estar situados ao redor dun 50-60% do prezo de aluguer no mercado e a esta oferta terían acceso os cidadáns segundo unhas listas elaboradas tamén a partir de parámetros obxectivos polo propio concello (escaseza de recursos, risco de exclusión, desemprego, número de fillos...). Aqueles cidadáns propietarios de vivendas desocupadas que quixesen acceder ao programa ofrecendo os seus inmobles para recibir a cambio o prezo do aluguer público establecido terían garantida polo concello a ocupación da súa vivenda. Ademais, o concello comprometeríase nun prazo razoable –digamos dous meses– a recolocar a determinada familia noutra vivenda acollida ao programa se é que o dono da vivenda inicial atopa un cliente

no mercado privado. Con esta medida sairían beneficiados tanto os propietarios de vivendas desocupadas como as persoas ou familias vulnerables ás que irían destinadas eses alugueres moi por baixo do prezo de mercado. O concello faría de intermediario e respondería como garante dos pagos e da conservación do inmovible. Todo este programa suporía un custo reducido para a facenda local, pois basicamente consistiría en tempo de ocupación que haberían de adicar varios traballadores do concello ao deseño e a execución do devandito programa.

- Instar ao Goberno central a que defina, con carácter de urxencia, o concepto xurídico de “vivenda desocupada con carácter permanente” para poder desenvolver un artigo do texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais – aprobado por Real Decreto Lexislativo o 5 de marzo de 2004– que permite incrementar a taxa do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) para pisos baleiros. Se o Goberno central definise este concepto; desde os concellos estableceríase unha ordenanza fiscal que regulase unha recarga do 50% da cota líquida do imposto – máximo que contempla a lei– para as vivendas que se atopen desocupadas con carácter permanente.

Somos conscientes que, dado o actual stock de vivendas desocupadas, mobilizar estas vivendas debe ser prioritario. Agora ben, unha vez esgotada esta primeira liña de acción de mobilización das vivendas existentes en desuso, a través das tres propostas de actuación sinaladas, porase en marcha unha segunda liña que consistirá na:

## 2ª Promoción de vivendas desde a Administración pública

A través da expropiación de chan rural na periferia das cidades. Hai dous factores que dispararon o prezo da vivenda no período incontrolado do “boom” inmobiliario: o prezo do chan e a especulación. Ambos os factores puidéronse frear desde a administración e con todo nada se fixo ata que finalmente estalou a burbulla inmobiliaria, orixe da actual crise económica. Debíase, como demanda a constitución, por unha banda, prohibir especular cun ben básico e, por outro, promover a vivenda desde a administración pública –que servise para regular o mercado– como ocorre con outro ben básico como é a saúde. (A saúde pública convive coa privada en España). Dada a existencia desta promoción pública, as construtoras privadas poderían competir coa Administración ou ser subcontratadas por esta para levar a cabo vivendas de promoción pública. Ben xestionado, poríase en marcha un plan urbanístico que conseguise:

1. Facer crecer a cidade de maneira planificada (evitando as construcións ilegais)
2. Minorar a especulación inmobiliaria
3. Permitir a adquisición dunha VPO levemente por encima do custo público a un sector da poboación moito máis amplo. En particular, a toda aquela persoa nova, sen vivenda e que non exceda de determinados ingresos que a solicite.

**4. Proporcionar vivendas sociais subvencionadas á poboación máis necesitada grazas ao pequeno sobreprezo regulado sobre o custo público das VPO destinadas a primeira vivenda de persoas novas.**

**Todo isto conseguiríase, se houberese interese, cun custo nulo para as arcas públicas.**

**Cambiar as condicións, co fin de que a vivenda volva converterse nun ben de uso e deixe de ser considerado como ben de investimento, é imprescindible para acabar coa subida permanente dos prezos da vivenda.**

- **Realizar políticas de xestión de chan público para a construción de vivendas protexidas, mediante o uso das figuras legais que sexan precisas.**

- **Impulsar pactos pola vivenda entre todos os sectores, públicos e privados, para posibilitar a construción de vivendas de protección oficial e o acceso a estas de amplos sectores cidadáns.**

- **Apostar polo desenvolvemento de vivendas saudables. A construción de novas vivendas debe contemplar o cumprimento das condicións adecuadas de confort e aforro enérxico: orientación, calefacción solar, illamento térmico, etc....**

- **Realizar plans de reforma das vivendas antigas para facer posible que contén con ascensores e unhas condicións de habitabilidade adecuadas.**

- **Coñecer e valorar a demanda de vivenda existente na mocidade e por familias monoparentais, realizando plans específicos para facilitar o seu acceso á vivenda.**

### **2.3. EDUCACIÓN.**

- **Prever e actuar contra o absentismo, abandono e fracaso escolar a través de:**

- 1. Potenciación da atención a menores e adolescentes con necesidades educativas especiais asociadas a condicións sociofamiliares desfavorecidas e/ou a trastornos graves de conduta.**

- 2. Apoio e seguimento ao alumnado escolarizado en grave risco de abandono escolar e/ou con historial de absentismo acreditado.**

- 3. Apoio á escolarización do alumnado non escolarizado por rexeitamento ou abandono escolar temperán.**

- 4. Control e seguimento do alumnado en idade escolar na vía pública en horas lectivas.**

- 5. Desenvolvemento de procesos e procedementos de avaliación permanente sobre o fracaso, o abandono e o absentismo escolar.**

- 6. Programa para diminuír o absentismo escolar a través da asistencia domiciliar de mediadores familiares que traballen de maneira conxunta con pais e fillos e, ocasionalmente, nos colexios públicos co profesorado.**

- Mellorar os centros educativos de zonas marxinais a través de:
  1. Mantemento, vixilancia e limpeza dos centros educativos de Infantil e Primaria
  2. Implantación coordinada de actividades extraescolares dentro do proxecto educativo dos centros
  3. Potenciación nos centros educativos dos valores de convivencia, paz, solidariedade, coeducación e non-violencia e interculturalidade.
  4. Formación en valores de igualdade de oportunidades, así como na resolución alternativa de conflitos para a prevención da violencia de xénero.
- Ampliación da rede pública de escolas infantís.
- Desenvolvemento de programas municipais para a mellora da convivencia escolar.
- Crear unha cota do 30% nas accións formativas do concello reservado para os colectivos en situación de exclusión
- Formación técnica especializada en xestión deportiva e do lecer a mozos en zonas con problemas de exclusión ao obxecto de que poidan asumir a xestión de programas deportivos e/ou desempeñar labores de adestramento.
- Fomentarase a educación non formal como alternativa de lecer e tempo libre para a formación integral dos nenos, nenas, novos e novas, axudándolles a desenvolver plenamente a súa personalidade e as súas posibilidades intelectuais, sociais, físicas, afectivas e espirituais, tanto como persoas canto como cidadáns responsables
- Fomentaranse actividades encamiñadas cara á educación en valores: ambientais, de aire libre, de cooperación ao desenvolvemento, de intervención social, de promoción e formación do voluntariado, de educación para a saúde, de educación para a paz, de promoción da cultura e do deporte, de formación de educadores, de animación sociocultural e calquera outra actividade lícita que poida contribuír ao logro dunha transformación positiva do mundo, camiñando progresivamente cara a unha sociedade cuxa forma de vida e traballo estea baseada en valores.
- Apoiaremos programas a fin de espertar consciencias e inquietudes en materia de Xustiza e Equidade. Coa intención de nutrir á sociedade dunha base que manteña e incremente o funcionamento dos colectivos e organismos sociais locais.
- Promover outra maneira de lecer, especialmente entre os mozos, que fomenten os valores culturais e deportivos. Con isto preténdese outorgar alternativas á mocidade –hai máis opcións que o “botellón”– que fomenten o seu desenvolvemento e reduza os niveis de drogadicción. (Resulta realmente alarmante os niveis de consumo de alcol entre a poboación estudantil). Ampliar o abano de

posibilidades das persoas novas incrementará as súas relacións sociais e irá en beneficio da adquisición dunha identidade persoal diferenciada que as fará máis proclives a participar na vida pública.

#### **2.4. SANIDADE.**

**O concello debe converterse en portavoz da necesidade de saúde da súa poboación ante o sistema de saúde co fin de que cada municipio teña unha infraestrutura sanitaria suficiente e adecuada ás súas necesidades.**

**Defensa da sanidade pública, gratuíta e universal dando ao paciente un servizo de calidade e un trato personalizado.**

- **Acordo de actuacións con centros de saúde en barrios marxinais para elaborar un programa de atención médica domiciliaria que detecte casos de persoas que non asistan aos servizos de saúde a pesar de requirir tratamento médico. Esta medida ten por obxecto garantir o dereito á saúde de todas as persoas; xa que nalgúns casos, por deixamento, incapacidade ou descoñecemento, as persoas máis excluídas non se achegan aos centros de saúde para recibir a atención médica necesaria.**
- **Previr o consumo de alcol e outras sustancias nocivas entre mozos e adolescentes, mediante o establecemento de protocolos de coordinación e actuación entre as áreas de Sanidade e Educación do concello, contando coa colaboración das asociacións de nais e pais.**
- **Sensibilización, apoio e formación nos barrios marxinais para a adquisición de hábitos saudables (alimentación sa, hixiene, exercicio físico, reciclaxe, etc.)**
- **Mellora das condicións de salubridade de fogares de zonas marxinais a través da limpeza e desinfección daquelas vivendas que presenten condicións insalubres.**



### **3. TECIDO SOCIAL .**

A cidade é, en gran medida, un patrimonio colectivo. A súa construción e conservación require do saber dos técnicos, de investimento público e privado, de gobernos locais lexitimamente constituídos, de funcionarios públicos que actúen con honestidade, da acción de organizacións sociais e de organizacións non gobernamentais que amosaron a súa capacidade para transformar e mellorar as condicións de vida dos sectores sociais máis excluídos. As formas de participación cidadá deben contemplar necesariamente esta complexidade social para garantir a súa eficacia. Neste contexto, tanto os funcionarios públicos como os representantes políticos teñen o seu rol; pero tamén o teñen as diferentes persoas que residen na cidade. Hai que pasar á acción, deixando de ser exclusivamente consumidores e traballadores para ser cidadáns; e isto leva, necesariamente, ocupar o espazo público e, por tanto, construír a cidade. Os cidadáns teñen que ser actores; e para iso, desde a Administración, débese promover o tecido social no canto de desfacelo. Non existe tecido social simplemente porque existan agrupacións de persoas nunha entidade xurídica. O tecido social é portador de propostas, e non só de protestas, encamiñadas a un obxectivo. Queremos unha sociedade que se “teza”, que acolla, que sexa tolerante; que sexa portadora dun determinado proxecto de sociedade integradora, con expresións e actuacións concretas de solidariedade e procesos participativos; a alternativa é racismo e xenofobia, o que queda na súa casa axuda a consolidar tal situación. O tecido social xera situacións de interculturalidade – concibindo ao diferente como fonte de riqueza– fronte á multiculturalidade actual, para a cal o estraño é unha ameaza.

Non podemos traballar a equidade sen considerar a sustentabilidade como eixo de toda acción a ser desenvolvida. O noso traballo pola xustiza dos cidadáns de agora non pode desenvolverse sen entender a dimensión do tempo e a obriga que temos de non vivir por encima das nosas necesidades. O consumo a ritmos acelerados fai que vivamos nun planeta con cada vez menos recursos, onde as oportunidades de ter garantías dunha vida digna veñen limitadas por cuestións ambientais. O noso papel é o de reverter estes fenómenos a fin de garantir o benestar das xeracións futuras.

- Apostaremos pola conservación de variedades locais e tradicionais de especies agrarias e gandeiras, evitando a privatización de variedades tradicionais de sementes por parte de multinacionais.
- Fomentaremos o uso do vehículo eléctrico e híbrido que poderá ser promovido, dentro das competencias municipais, mediante as seguintes medidas a ser desenvolvidas:
  1. Substitución dos vehículos propulsados por motores de combustión usados na rede de transporte público, no parque móbil institucional (vehículos de representación e policiais) e no parque móbil das empresas públicas municipais (vehículos especiais), por vehículos con propulsión eléctrica ou híbrida.
  2. Valoración positiva nas adxudicacións de obras e servizos que realicen os entes locais do uso de vehículos e maquinaria propulsados por enerxías limpas.
  3. Establecemento de bonificacións ou incremento de cota, segundo o caso, nas taxas e impostos que graven o uso de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) para evitar a contaminación do medio ambiente. Acorde á LRBH poderase

realizar unha bonificación de até o 75 % en función da clase de carburante e poderanse incrementar as cotas aplicando un coeficiente de até 2 puntos.

- **Desenvolveremos un Plan Integral de Fomento da Bicicleta no que se executen medidas reais de promoción do uso da bicicleta, especialmente nos centros urbanos e centros históricos. Entre elas destacamos as seguintes:**

- 1. Introducción obrigatoria da bicicleta no sistema de transporte ordinario e como alternativa de transporte en todos os plans de mobilidade existentes, tanto para o deseño das infraestruturas do viario como a efectos da intermodalidade (bicicleta - a pé, bicicleta - bus, bicicleta - tren, etc.).**

- 2. Incremento e extensión a vías principais das medidas para a moderación do tráfico (lombos, bandas sonoras, etc.), dirixidas a axustar a velocidade e intensidade do tráfico motorizado sobre vías convencionais a niveis compatibles cunha utilización ciclista “segura” e comfortable do espazo público urbano.**

- 3. Creación intensiva de aparcadoiros de bicicletas, con plans de financiamento que contemplan non só a súa instalación senón tamén o seu adecuado mantemento.**

- 4. Incorporación da bicicleta ao parque móbil municipal (mensaxería, policía local, etc).**

- 5. Crear unha oficina municipal da bicicleta que coordine as políticas de mobilidade das diferentes áreas e difunda os beneficios e as potencialidades do uso da bicicleta, especialmente no ámbito escolar e universitario. Campañas de sensibilización dirixida a condutores.**

- **Daremos prioridade á redución da contaminación mediante as seguintes medidas inmediatas**

- 1. Aparcadoiros disuasorios nas estacións de transporte público da área metropolitana.**

- 2. Facer fronte ás fortes subidas do transporte público**

- 3. Moratoria para as novas estradas e autovías previstas. É necesario deter a espiral urbanización-estrada-urbanización cuxo epicentro é o coche.**

- 4. Carrís bus separados en todas as autovías de acceso á capital.**

- **Incorporación á Rede de Cidades polo Clima. Velar para que a cidade siga cumprindo cos requisitos necesarios para pertencer á Rede de Cidades polo Clima.**



## **5. CIDADE ABERTA AO MUNDO.**

**Unha cidade aberta, non allea nin indiferente ante as situacións de inxustiza, pobreza, exclusión e ausencia de respecto aos dereitos humanos universais que se producen no mundo; que permita, desde o local, influír no global, contribuíndo en cantidade e en calidade a unha mellora efectiva das duras condicións de vida e en favor dos empobrecidos, a través dun compromiso real na cooperación ao desenvolvemento descentralizada e da posta ao servizo dos axentes de desenvolvemento no SUR das específicas capacidades e coñecementos que desde os municipios españois se teñen, co obxectivo de facer do mundo un lugar onde todo ser humano teña a posibilidade de desenvolverse libremente; recuperando así o verdadeiro sentido que ten a política: a procura do ben común.**

**Cada vez máis, nun mundo globalizado, as políticas dos nosos gobernos afectan os países e rexións empobrecidas e constátase como as accións locais provocan e posibilitan transformacións globais. Como cidadáns do mundo e electores dentro do Estado de Dereito, temos a capacidade de demandar unha visión máis ampla e a máis longo prazo aos nosos gobernos, para resolver o problema global máis grave co que se enfrenta sen dúbida o ser humano actualmente: a pobreza.**

**Non pretendemos incorporar iniciativas novas senón recoller as propostas que desde hai anos se veñen reclamando cada vez con máis forza por parte da sociedade civil. A fin da pobreza non é un problema de falta de consenso en canto ás medidas. O problema é a falta de vontade política.**

**A través do consumo responsable, a cooperación descentralizada e o codesenvolvemento expomos unha serie de medidas que contribúen á construción dun mundo máis xusto.**

### **5.1. CONSUMO RESPONSABLE.**

**Desde o consumo responsable preténdense alcanzar dous obxectivos: protexer o medio ambiente e respectar os dereitos de todas as persoas que interviñeron na cadea de produción dos bens que consumimos. Sen dúbida, os concellos deben dar exemplo, adecuar as infraestruturas da cidade –como vimos cando falamos de sustentabilidade ambiental– e fomentar coas medidas económicas ao seu alcance o consumo responsable. No entanto, o consumo responsable é unha obrigaón dos cidadáns e de pouco servirá canto faga a administración pública se a cidadanía non modifica os seus hábitos de consumo.**

**Ademais das propostas esbozadas no apartado de sustentabilidade ambiental e de economía social, propomos as seguintes medidas:**

- **Adoptar unha política de austeridade e coherencia no gasto público en eventos (congresos, caterings, etc.) e demais cuestións de índole estética e costumista (ex. alumado). Un grupo de traballo encargárase de velar por esa aposta pola austeridade.**
- **O consumo responsable, como ferramenta de xustiza social de elemental aplicación, será fomentado na cidadanía mediante o despregamento de campañas de sensibilización e a organización por parte do concello (directa ou indirectamente) de cursos formativos sobre esta temática.**
- **Promover o consumo responsable a través da Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC). Actualmente as Oficinas de Información ao Consumidor teñen por obxecto a defensa de usuarios e consumidores e non entran no consumo responsable; é dicir, nas obrigas destes usuarios. Deberían desde estas oficinas elaborar programas de concienciación cidadá sobre consumo responsable, instando as persoas a actuar de maneira acorde cos intereses de todos aqueles que interviñeron na cadea de produción e das futuras xeracións que necesitarán un planeta habitable.**

## **5.2. COOPERACIÓN DESCENTRALIZADA.**

**As administracións públicas, os municipios, deben asumir a política de cooperación ao desenvolvemento como un aceno de identidade dentro das políticas sociais e de protección aos máis desfavorecidos.**

**Ao ser as administracións máis próximas á cidadanía teñen a responsabilidade, por unha banda, de construír un modelo de sociedade xusta e solidaria e, doutra banda, de ser permeables e receptivas ao movemento da sociedade civil organizada que traballa para a cooperación internacional.**

**Para iso, debe haber unha boa coordinación de todos os axentes sociais necesarios para desenvolver unha cooperación ao desenvolvemento que busca desde a asociación e a participación activa, a execución de procesos que xeren un impacto positivo para o benestar das comunidades, e un desenvolvemento social sustentable. Esta implicación é necesaria tanto na identificación e definición das súas necesidades e problemas, como na planificación e execución dos proxectos.**

**A Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) descentralizada en España ten un peso específico moi superior ao resto de países doadores e experimentou un importante crecemento e consolidación no últimos dez anos, coa excepción dos anos 2009 e 2010, onde manifesta un notorio retroceso.**

**Entendemos que os compromisos políticos adquiridos ante a sociedade na loita contra a pobreza e os Dereitos Humanos no marco normativo e institucional non poden ser vulnerados mediante a supresión ou recortes drásticos de orzamentos ou convocatorias de subvencións que pon en risco a continuidade de procesos e programas en marcha que afectan a necesidades vitais de miles de persoas.**

Pola importancia da cooperación descentralizada no noso país e polo papel activo que as ONG de Desenvolvemento xogan, como sociedade civil, na política de cooperación ao desenvolvemento na rexión e desde a responsabilidade e a lexitimidade que lles outorgan as organizacións, socios locais e os miles de beneficiarios e beneficiarias dos países en vías de desenvolvemento cos que traballan, o partido político **Por Un Mundo Máis Xusto (PUM+J)** recolle e presenta as seguintes propostas :

- **Lograr a firma e o compromiso do cumprimento efectivo do Pacto Local contra a Pobreza entre todas as forzas políticas, que permita a continuidade das políticas de cooperación ao desenvolvemento como estratexias a longo prazo, sen risco de discontinuidade nos casos de cambio de goberno ou responsables políticos ao cargo desta materia.**

- **Compromiso de achega do 0,7% sobre Produto Interior Bruto, ou orzamento total consolidado na súa falta, como Axuda Oficial ao Desenvolvemento por parte do municipio, definindo e deseñando de forma prioritaria os escenarios orzamentarios para o seu cumprimento. O orzamento para o ano 2011 no Concello de Ourense suma un total de 103.917.137 €. O adicar un 0.7% suporía crear unha partida de 727.719,959 €. Unha partida inferior ao que se reserva á concellaría con menor ornamento, Igualdade, Xuventude e Voluntariado. Unha cantidade tamén insignificante comparado cos gastos realizados nalgunhas festas, alugueres ou obras menores de embelecemento de rúas. É unha cuestión de prioridades, primeiro débense atender a necesidades das persoas.**

- **Profundar nas mensaxes de solidariedade que desde a Administración Pública se lanzan ao conxunto da sociedade para incentivar e trasladar á cidadanía a importancia da solidariedade e a xustiza social exercida a través da cooperación ao desenvolvemento.**

- **Incentivar e fomentar a actividade pública de cooperación ao desenvolvemento en todos os municipios, coa apertura dun debate sobre a constitución dun Fondo Rexional de Cooperación ao Desenvolvemento. Este Fondo debería ser entendido non desde a fragmentación da axuda, por tratarse dun actor máis, senón como unha institución que aglutine as achegas dos pequenos municipios que non poidan dispor de estrutura administrativa nin planificación estratéxica para o desenvolvemento dunha política de cooperación, pero que si queren expresar a solidariedade dos seus veciños.**

- **Apoiar desde o ámbito local o debate e a necesidade dunha coherencia, entre outras, de políticas económicas, migratorias e de cooperación ao desenvolvemento.**

- **Apostar por unha cooperación para o desenvolvemento de calidade, planificada e a longo prazo, incorporando as seguintes melloras:**

1. **Continuidade nas convocatorias de subvencións públicas de cooperación ao desenvolvemento, de programas de educación para ao desenvolvemento e de orzamentos adecuados para acción humanitaria.**

2. Establecer mecanismos de financiamento a longo prazo, programas, que permitan pola súa maior contía e duración abordar problemáticas de pobreza e inxustiza máis amplas e alcanzar resultados máis complexos.
  3. Concentrar a acción da cooperación para o desenvolvemento nos sectores vinculados aos Servizos Sociais Básicos, (polo menos un 20% do total da AOD) e nos países prioritarios, tendo en conta que polo menos o 15% da AOD ha de ser dirixida cara aos Países Menos Desenvolvidos.
  4. Realizar unha Acción Humanitaria de calidade que teña en conta os Principios do Bo Humanitario e represente polo menos o 10% do total da AOD.
  5. Integrar a educación para o desenvolvemento como parte esencial da política municipal de cooperación en todos os Concellos, dotándoos de orzamentos específicos (en torno ao 10%) e favorecendo a concorrencia de ONGD mediante convocatorias públicas de subvencións.
  6. Favorecer o coñecemento e difusión do comercio xusto entre a cidadanía como instrumento de cooperación ao desenvolvemento. Establecer un compromiso de compra pública ética. Inicio ou impulso dos trámites para a consecución do status de Cidade polo Comercio Xusto.
  7. Mellorar e axilizar os procedementos de resolución e pago de subvencións cumprindo os prazos legais previstos.
  8. Mellorar a publicidade das análises de xestión de resultados ou memorias anuais da cooperación ao desenvolvemento.
  9. Contribuír á coordinación da política de cooperación con outros actores, á homoxeneización de criterios de subvencións públicas e de xustificación con outras administracións públicas, estatais, autonómicas e rexionais.
- Establecer un Fondo de Cooperación encargado do seguimento e avaliación das intervencións de cooperación ao desenvolvemento.
  - Desvinculación completa das políticas de cooperación coas de inmigración. A cooperación ao desenvolvemento persegue a promoción do desenvolvemento dos países socios e non debe instrumentalizarse politicamente en función dos intereses do doador. É certo que, por desgraza, desde os concellos non se teñen competencias en políticas migratorias. No entanto, si se pode optar por levar a cooperación bilateral directa a aqueles lugares nos que se considere vai ser máis efectiva; aínda que esta estratexia local leve a que o establecemento de países prioritarios a nivel local non coincida cos prioritarios a nivel nacional.
  - Apoiar a través da cooperación bilateral directa procesos de fortalecemento institucional dos gobernos locais dos países do SUR e procesos de descentralización a prol dunha maior eficacia da axuda, pero sempre sen menoscabar as axudas a ONGD –referentes no proceso de fortalecemento da sociedade civil– e baixo criterios de transparencia.

Ademais das propostas citadas, o partido político Por Un Mundo Máis Xusto (PUM+J) propón:

- Elaborar un Plan de comunicación entre as empresas públicas municipais e o Consello Municipal de Cooperación, de face a ir creando coherencia na execución das políticas públicas .
- Incorporación á Rede Española do Pacto Mundial de todas as empresas con capital público municipal.
- Creación ou potenciación de programas de voluntariado e intercambio con países en desenvolvemento.





## **6. ATENCIÓN A COLECTIVOS CON ESPECIAIS DIFICULTADES.**

Desde o PUM+J promóvese o apoio e defensa daqueles colectivos sociais que se atopan nunha situación de maior vulnerabilidade nestes tempos de crise social, económica e de valores. Resulta imprescindible implementar políticas que favorezan a protección e desenvolvemento destes colectivos poboacionais.

### **6.1. PROTECCIÓN DOS MAIORES (XUBILADOS E PENSIONISTAS).**

#### **a) Apoio á autonomía persoal do maior**

- 1. Axuda a domicilio.**
- 2. Teleasistencia**
- 3. Atención asistencial diúrna (centros de día).**
- 4. Apoio a familias cuidadoras de maiores: programa de descanso.**
- 5. Outros apoios. Axudas, pensións, reducións de taxas, persoal de apoio, adaptacións de vivenda, etc.**

#### **b) Aloxamento alternativo e atención especializada**

- 1. Vivendas e residencias.**
- 2. Atención residencial temporal por necesidades de saúde ou familiares, etc.**

#### **c) Participación social e animación sociocultural**

- 1. Participación social e asociacionismo: formación e desenvolvemento de asociacións, encontros interxeneracionais, voluntariado.**
- 2. Prevención, inserción e protección.**
- 3. Actividades deportivas, lúdicas e culturais**
- 4. Turismo social e cultural: verán, excursións, viaxes e visitas culturais.**
- 5. Dinamización dos centros socioculturais ou fogares e clubs de maiores**

#### **d) Promoción e defensa dos dereitos dos maiores**

- Continuar impulsando o incremento da contía mínima das pensións, comezando polas máis baixas e prestando especial atención ás pensións de viuvez e ás de réximes especiais, xa que iso favorece a calidade de vida do maior. Ningunha pensión percibida como ingreso único deberá estar por baixo do salario mínimo**

interprofesional. Reivindicamos que as mulleres maiores que traballaron como amas de casa e, por tanto, non tiveron unha vida laboral asalariada, teñen tamén dereito a unha xubilación remunerada.

- Na lei de dependencia debemos defender unha estrita e avanzada participación e aplicación autonómica e local.
- Estudo da poboación maior que vive soa, elaboración de actuacións de apoio persoal e confidencial. Implantación do servizo de tele asistencia a todas as persoas maiores que vivan soas, dando prioridade ás que o seu estado físico lles impida moverse ou desprazarse fóra dos seus domicilios.
- Consideramos que o servizo de atención a domicilio é un soporte imprescindible para conseguir que os maiores continúen na súa vivenda canto sexa posible e desexable

O **PUM+J** defende a existencia e creación de residencias públicas fronte ás privadas. Para iso é preciso desenvolver medidas destinadas a aumentar a oferta e a calidade da alternativa residencial.

- Unificar os criterios de ingreso nas residencias públicas a fin de priorizar o acceso a quen estean en situacións de maior urxencia, primando a capacidade física e psíquica, niveis de ingreso, situación da vivenda, illamento persoal e outras consideracións de importancia valoradas polos servizos sociais.

#### e) Integración, participación e cultura

Considérase que a administración local ha de garantir un envellecemento activo e saudable, é dicir, o dereito ao lecer, á formación, á cultura, á práctica de actividades físicas e deportivas que fan das persoas maiores cidadáns con capacidade para intervir con autonomía e participar activamente na vida económica, cultural e política, achegando a súa contribución valiosa á sociedade.

## 6.2. ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE

As persoas con discapacidades veñen mellorando a súa posición social e o acceso a cotas superiores de igualdade en relación ao resto da poboación; no entanto, moito é o camiño que queda por percorrer.

A elaboración de **PLANS INTEGRAIS MUNICIPAIS** que favorezan a independencia e protagonismo das persoas con discapacidades fomentando o seu desenvolvemento persoal mediante a habilitación/rehabilitación, o uso de axudas técnicas e a aplicación de novas tecnoloxías.

#### a) Integración comunitaria e vida autónoma

- Persoas con trastornos mentais crónicos. É necesario avanzar para elaborar **PLANS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON TRANSTORNOS MENTAIS**

**CRÓNICOS, que contemplan a habilitación psicosocial, vivenda, emprego, sanidade, axuda económicas.**

- **Aloxamento. Creación de prazas suficientes en centros residenciais, centros ocupacionais e centros de día.**
- **Habilitación e rehabilitación, lecer e tempo libre. Creación suficiente de prazas de rehabilitación, e programas de lecer e tempo libre.**
- **Apoio a familias. Programas de descanso, formación, etc.**

**b) Promoción da accesibilidade e eliminación das barreiras**

- **Eliminación de barreiras e accesibilidade: plans e actuacións de eliminación de barreiras, novas construción, edificación, etc., con medidas de accesibilidade. Xestión de prestacións de accesibilidade.**
- **Axudas: transporte en taxi de gravemente afectados, etc.**
- **Regulación dos cartóns de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida.**

### **6.3. INMIGRACIÓN**

**Entendemos que os gobernos municipais han de ter un papel preponderante (con financiamento adecuado) na xestión das políticas de cohesión social, con especial énfase naquelas que afectan os colectivos considerados “máis vulnerables” e tendo en conta que a inmigración estranxeira, chamada a desempeñar unha función moi importante no desenvolvemento económico, demográfico, social e cultural do noso país, carece dalgúns dereitos básicos e de instrumentos de participación nas institucións democráticas e nos seus órganos de decisión, e está a ser obxecto de accións discriminatorias que sustentan a súa exclusión social e o rexeitamento das poboacións de acollida, á vez que padece as condicións máis extremas de sobreexplotación laboral.**

**A incorporación dunha parte importante destes cidadáns á “normalidade social” (accesos a servizos sociais, educativos, sanitarios e tamén a súa achega á sociedade en materia de traballo e impostos) é un obxectivo esencial e imprescindible para o desenvolvemento harmónico e responsable da nosa sociedade.**

**Consideramos imprescindible a ELABORACION DE PROGRAMAS E/OU PLANS DE INMIGRACION a nivel autonómico e local, que contemplan de maneira articulada e planificada os seguintes elementos.**

- **Convenios de colaboración coas administracións do estado e das comunidades autónomas, para a intervención con persoas inmigrantes e promover a súa inclusión social.**

- Campañas de sensibilización e promoción dunha imaxe social “positiva” en liña co que veñen sendo e serán as súas achegas á sociedade española.
- Acceso aos servizos sociais municipais de todas as persoas empadroadas, sen distinción algunha.
- Apoio e seguimento no uso de recursos sanitarios e educativos por parte de nenos e adultos.





## **7. POR UN OURENSE MÁIS XUNTO.**

Quen formamos parte do **partido Por Un Mundo Máis Xusto (PUM+J)** temos un denominador común: ter como prioridade a loita contra a pobreza. Por iso queremos loitar Por Un Ourense Máis Xusto e Solidario.

O tema é tan importante e preocupante que dende o M+J propomos a creación dunha Concellaría de Cooperación e Exclusión Social, para que o Concello sexa máis Xusto e Solidario. Cunha partida orzamentaria propia e o persoal e os materiais necesarios para desenvolver a súa actividade. Desde esta Concellaría desenvolveríase a convocatoria das Axudas ao Desenvolvemento da partida asignada, tal e como se realizan en distintos Concellos, Deputacións, Comunidades Autónomas e Goberno Central.

En colaboración coa Concellaría de Sanidade, a Concellaría de Educación, a Concellaría de Igualdade, Xuventude e Voluntariado, a Concellaría de Participación Cidadá e da Concellaría de Medio Ambiente, desenvolveranse campañas de sensibilización e concienciación sobre o Consumo Responsable, Banca Ética, Medio Ambiente, Educación para o Desenvolvemento, Educación para a Paz, e todas aquelas que crean oportunas para conseguir que o cidadán ourensán se conciencie de que un Mundo Máis Xusto é posible. Todo o Concello debe camiñar xunto para conseguir un Ourense sen pobreza e comprometido cos máis desfavorecidos.

Unha das bases desta Consellería sería a creación dun Consello consultivo formado por todas as ONGs e Asociacións que traballan no ámbito da Cooperación e a Exclusión Social, para entre todos buscar carencias, solucións para elas, e propostas de desenvolvemento de iniciativas sociais.



[www.porunmundomasjusto.com](http://www.porunmundomasjusto.com)